

ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO (ACTUALMENTE, CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA USC EN ARQUIVOS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado en virtude do 112/2020, do 6 de setembro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Da outra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes actúan en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización desta addenda e, para estes efectos,

EXPOÑEN

O día 19 de decembro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela formalizaron un convenio de colaboración co obxecto de facilitar a realización de prácticas académicas externas do alumnado da USC en determinados arquivos e museos da Consellería de Cultura e Turismo, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

Mediante este convenio ponse de manifesto o convencemento de ambas partes de que é necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.



Así mesmo, con este acordo dáse resposta ao dereito do alumnado da USC á realización de prácticas curriculares ou extra curriculares, de conformidade co sinalado no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario e no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen que "a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración". Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

As partes asinantes concordan na conveniencia de ampliar o número e tipoloxía de centros, dentro do ámbito competencial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dispoñibles para que o que o alumnado da USC poida realizar as prácticas amparadas por este convenio, mellorando así a consecución dos obxectivos pretendidos. En particular, preténdese incluír a Biblioteca de Galicia e as bibliotecas públicas de xestión autonómica entre os centros habilitados para recibir alumnado en prácticas.

Por todo o anterior, as partes

ACORDAN

PRIMEIRO: subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado 19 de decembro de 2019, para modificar o título e as cláusulas primeira, terceira e cuarta, que quedarían redactados do seguinte xeito:

Título:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA USC EN ARQUIVOS, MUSEOS E BIBLIOTECAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Primeira. OBXECTO.

1. As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da USC nos arquivos, museos e bibliotecas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que se relacionan, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas poderán ser:



- a) Curriculares, contempladas nos plans de estudos.
 - b) Prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de grao / traballos fin de máster, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
 - c) Extracurriculares ou complementarias.
2. O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.
3. Os centros nos que se poderán desenvolver as prácticas son os seguintes:
- Museo das Peregrinacións e de Santiago (Santiago de Compostela)
 - Museo de Belas Artes da Coruña
 - Museo Massó de Bueu (Pontevedra)
 - Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
 - Museo do Castro de Viladonga (Lugo)
 - Museo Etnolóxico de Ribadavia (Ourense)
 - Museo do Mar de Galicia en Vigo (Pontevedra)
 - Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago de Compostela)
 - Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)
 - Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)
 - Arquivo Histórico Provincial de Lugo
 - Arquivo Histórico Provincial de Ourense
 - Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
 - Arquivo de Galicia en Santiago de Compostela
 - Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra
 - Arquivo Xeral Territorial de Vigo
 - Arquivo Xeral Territorial de Lugo
 - Biblioteca de Galicia
 - Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
 - Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
 - Biblioteca Pública de Lugo
 - Biblioteca Pública de Ourense Nós
 - Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
 - Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel



Terceira. REQUISITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS.

Poderá realizar prácticas nos arquivos, museos e bibliotecas da Consellería de Cultura e Turismo o alumnado que curse os estudos nas facultades da USC que se relacionan no Anexo II.

Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- c) Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa entidade e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa institución ou entidade pública na que se van realizar as prácticas.
- e) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta. NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

A admisión do alumnado en prácticas da USC nos arquivos, museos e bibliotecas da consellería estará condicionada á capacidade dos centros para asumir a súa formación de forma que só se admitirán en cada convocatoria un número determinado fixado en función das súas posibilidades de admisión.

SEGUNDO: substituír, no convenio asinado o 19 de decembro de 2019 e nos seus anexos, todas as referencias á Consellería de Cultura e Turismo pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

TERCEIRO: O resto das cláusulas do convenio asinado o 19 de decembro de 2019 non sofren modificacións.



A vixencia desta addenda estenderase desde a data da súa sinatura ata a finalización da vixencia do convenio.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Román Rodríguez González

POLA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Antonio López Díaz

